

**ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE ROIS PARA O ACONDICIONAMENTO DE LOCAL SOCIAL DE ERMEDELO, LUGAR DE SABACEDO, PARROQUIA DE URDILDE.**

Don José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Don Ramón Tojo Lens, con DNI 33268697W, en calidade de alcalde do Concello de Rois, con CIF P1507500E, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-**

Que con data 19 de maio de 2025 se asinou un convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Rois para o acondicionamento do local social de Ermedelo, lugar de Sabacedo.

O orzamento estimado para a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio, é de 93.892,82 € IVE incluído.

A Consellería financiará o 69,2279 % das actuacións descritas con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.760.0, cunha achega máxima de 65.000 €.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do obxecto deste convenio, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 30 de novembro de 2025.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se teñan por gastos subvencionables todos aqueles realizados a partir do 1 de xaneiro de 2025.



## **SEGUNDO.-**

Que o Concello de Rois presentou, o 10/09/2025, escrito solicitando a-ampliación do prazo de xustificación do convenio asinado.

O Concello motiva a súa solicitude no seguinte:

*“Debido a imposibilidade de rematar as obras antes do 30 de novembro de 2025, a causa dun retraso na obtención da autorización sectorial de patrimonio. Este organismo requiriu ao Concello unhas reformas do proxecto que foron enviadas no seu día e están pendentes de ser aprobadas polo Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Galicia que aínda non se celebrou.”*

Que polos motivos expostos, atendendo á solicitude do Concello tramítase a addenda ao convenio para ampliar o prazo de xustificación ao 20 de decembro de 2025.

As circunstancias expostas polo Concello de Rois aconsellan ampliar o prazo de xustificación ata o 20 de decembro de 2025 e a súa tramitación non prexudica dereitos de terceiros.

Cúmprese o establecido no artigo 49 h) 1º e 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

## **TERCEIRO.-**

Á vista da solicitude presentada polo Concello de Rois e das causas argumentadas, procédese a tramitar a addenda ao convenio asinado o 19 de maio de 2025 para o acondicionamento do local social de Ermedelo, lugar de Sabacedo, polo que as partes,

## **ACORDAN**

### **PRIMEIRO.-**

Subscribir a presente addenda ao convenio asinado con data 19 de maio de 2025, para modificar a cláusula cuarta que quedaría redactada do seguinte xeito:

### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos



gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2025.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas, as entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

O Concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría do Concello, co visto e prace do presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
  - 1.- O cumprimento da finalidade da subvención.
  - 2.- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Indicar número de asistentes
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe; ou, se é o



caso, declaración de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.

- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

#### Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025 dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

De acordo co disposto no artigo 30.2 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións obxecto do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da súa realización por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia.

No caso de que o Concello non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora



correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

### **SEGUNDO.-**

O resto das cláusulas do convenio asinado o 19 de maio de 2025, non sofren modificacións.

### **TERCEIRO.-**

A vixencia desta addenda ao convenio asinado o 19 de maio de 2025 entra en vigor na data da súa sinatura.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,      O alcalde do Concello de Rois

José Carlos López Campos

Ramón Tojo Lens

